

Cóñece ó noso equipo: CORAL DEL RÍO, Investigadora Principal do grupo ECOSOT

A profesora Coral del Río é Catedrática de Universidade no Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Vigo, e doutora en Economía pola Universidade Carlos III de Madrid. Os seus traballos abordan o estudo das desigualdades económicas, sendo as súas principais liñas de investigación a economía da desigualdade e a pobreza, o estudo das interaccións entre economía e xénero, e a análise distributiva do mercado laboral (desemprego, discriminación salarial e segregación ocupacional por razón de sexo, raza, estatus migratorio e orientación sexual).

Ten participado en 17 proxectos de investigación financiados a través de convocatorias competitivas, e en 11 contratos con institucións públicas ou privadas, realizando tanto achegas metodolóxicas como estudos empíricos a nivel de Galicia, España, Europa e EEUU. É coautora en máis de 60 publicacións, entre as que destacan 35 artigos publicados en revistas incluídas no *Journal Citation Report (JCR)*.

Actualmente é a coordinadora do grupo de investigación de referencia competitiva ECOSOT (Economía, Sociedade e Territorio), forma parte da rede EQUALITAS, é Editora Asociada do *Feminist Economics* (revista da *International Association for Feminist Economics*) e pertence ao Consello Científico de ATTAC-España. Foi membro do Comité Científico da revista *Hacienda Pública Española* e a primeira directora do Área de Igualdade da Universidade de Vigo. En 2016 foi galardonada co "IV Premio de Igualdade Ernestina Otero Sestelo", outorgado polo Consello Municipal da Muller do Concello de Vigo.



Un investigador de ECOBAS consegue unha axuda do programa de becas de posgrao no estranxeiro da FUNDACIÓN BARRIÉ

O 1 de xullo entregáronse na Fundación Barrié na Coruña as credenciais aos 30 estudantes que foron seleccionados para gozar dunha beca dentro do Programa de Posgrado no Estranxeiro da Fundación Barrié na súa XXVII edición



O Grupo GEN, coordinador do proxecto de creación da Quiniela Galega

A Federación Galega de Fútbol puxo en marcha a Quiniela Galega co obxectivo de xerar recursos para ese deporte e potenciar a imaxe de marca. Tanto o traballo de investigación previo como a elaboración do plan de viabilidade estiveron dirixidos polo grupo GEN.



O investigador Marcos Álvarez trasládase ó JCR de Ispra, Italia

Marcos Álvarez, investigador principal do grupo EMAF, incorporárase dende outubro á unidade de *Modelling, Indicators and Impact Evaluation* do Centro Común de Investigacións (JCR) da Comisión Europea en Ispra, Italia, onde desenvolverá o seu traballo durante o vindeiro ano.



Chegan as primeiras citas ECOBAS do novo ano universitario

Co comezo do curso universitario chegan os primeiros eventos organizados co apoio de ECOBAS: Pont Up Store (22-24 de setembro, Pontevedra), 13th PEARL Conference (29-30 de setembro, Santiago de Compostela) e Workshop RIFDE-GEN (19-20 de outubro, Santiago de Compostela).

CONVOCATORIAS ABERTAS E EVENTOS DE INTERESE

CONVOCATORIAS NACIONAIS E REXIONAIS:

FECYT- Axudas para o fomento da cultura científica, tecnolóxica e da innovación

- Obxectivo: Financiamento de accións nas seguintes liñas: Cultura Científica, Tecnolóxica e da Innovación, Creatividade e Vocacións Científicas, Redes de Comunicación e Divulgación da Ciencia e a Innovación.

- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 5 de outubro

Cátedra UAM/Accenture- VII Premio á Investigación

- Obxectivo: premiar un traballo de investigación inédito en Economía e Xestión da Innovación que encaixe no lema "Revolución Dixital, Economía e Emprego"

- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 5 de decembro

FUNCAS- Premios Enrique Fuentes Quintana de Teses Doutorais

- Obxectivo: premiar as teses doutorais lidas no ámbito da Economía (xeral ou da empresa) e Socioloxía que teñan obtido, por unanimidade, a máxima cualificación establecida na norma vixente no momento da súa lectura, incluíndo a mención cum laude.

- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 31 de decembro

CONVOCATORIAS INTERNACIONAIS:

Axudas do ERC (European Research Council):

- Obxectivo: contratación de persoal investigador

- Prazo de presentación de solicitudes:

Starting Grant: 18 de outubro

Consolidator Grant: 9 de febreiro de 2017

Advanced Grant: 31 de agosto de 2017

EVENTOS DE INTERESE:

29-30 de Setembro: **13th PEARL Conference** (Santiago de Compostela)

19-20 de Outubro: **Workshop RIFDE-GEN** (Santiago de Compostela)

19-20 de Xaneiro: **XXII Workshop Konopka** (Ourense)